

# O COLECCIONISMO

José Manuel González Troncoso

En primeiro lugar, quero agradecer a Don Xosé Luís Méndez Ferrín que me invitase a participar nesta Mesa Redonda que pon fin ao ano dedicado a Don Xosé María Álvarez Blázquez. Agradézolle que pensase en min para achegar a miña experiencia como amante do coleccionismo e tamén como profesional dedicado ás antigüidades durante toda a miña vida.

Dado o carácter deste ilustre acto, e, sobre todo, estando en presenza de tan importantes expertos sobre a vida e obra literaria de tan notable personaxe, non me corresponde a min redundar sobre estes aspectos do escritor, pois pouco ou nada podería engadir que non fose xa extensamente coñecido.

Gustaríame, iso si, manifestar que me sinto moi honrado de ser concidadán seu, por ter nacido ambos nesta benquerida cidade de Tui, que enraíza tan fondamente nos seus lares aos que gozamos do privilexio de ver a luz primeira no seu seo.

Tamén me congratulo de ter en común con el a paixón polo coleccionismo, aínda que a cada un de nós nos chegase por diferentes situacións persoais e profesionais. No meu caso, pódese dicir que se me transmitiu na cadea xenética, pois veño dun pai que era un gran coleccionista.

O coleccionismo é unha curiosa afección que fai que as persoas interesadas por tal actividade dediquemos un tempo importante do noso día a día á busca de “posibles tesouros”, sabendo que, nalgún lugar, nos está esperando a peza que nos falta.

Por iso, ás veces, tómannos por seres un tanto diferentes da maioría.

Un coleccionista é unha persoa que “recolle” (*Colectio-colectionis*), como etimoloxicamente se define, e achega, a si mesmo ou a outros, retallos de Historia, actual ou pasada, vestixios de civilizacións, culturas, modas, crenzas relixiosas, tendencias políticas, etc., etc. Dalgunha maneira, o coleccionista, e en maior medida o anticuario, é unha especie de “diccionario histórico”, xa que os vestixios, as pegadas que foron deixando os pobos a través dos tempos, son testemuños para afianzar os coñecementos sobre a Historia da Humanidade.

Eu participo das dúas vertentes, xa que, amais de gozar con cada nova “conquista”, tamén son intermediario doutros afeccionados a través da miña actividade profesional.

Volviendo á figura de Álvarez Blázquez, parece ser que é a partir do ano 1950, no que rexenta a Editorial Monterrei, cando comeza a desenvolverse a súa vocación de coleccionista ávido de todo aquilo que, escrito en lingua galega, ou pertencente a calquera

aspecto da evolución da nosa terra, achegue coñecemento e luz sobre a cultura e sociedade autóctonas, sobre todo no referente ao eido do periodismo: selos, medallas, revistas, documentos, xornais..., todo lle servía para enriquecer os seus, cada vez máis amplos, coñecementos, que publicaba con profusión, e tamén para confeccionar as súas pequenas coleccións particulares.

Unha das máis importantes foi a de cantos rodados lascados, dos que chega a facer unha gran recollida, para estudar o Paleolítico en Galicia, da man do seu amigo Don Fermín Bouza Brey.

Hoxe en día, os seus libros tan interesantes, eu diría imprescindibles, están esgotados en todas as librerías “de vello”.

En xeral, e desde a miña propia experiencia de anticuario, podo dicir que os libros antigos de escritores galegos son moi buscados e moi valorados. En canto aparece algún exemplar, aínda con formato de folleto, sempre ten solicitantes aínda que o seu prezo adoita ser elevado.

Posiblemente o traballo e divulgación que leva feito neste sentido A Real Academia Galega, creou, ou acrecentou esta adición ao coñecemento e coleccionismo neste sentido.

O mesmo se pode dicir da Medallística, na que Galicia é tan prolífica dada a gran cantidade de medallas que se crean para perpetuar os acontecementos relevantes na súa historia. Precisamente estes días conseguín para a miña propia colección as que celebran a batalla de Ponte Sampaio que amosan a ponte partida por unha cara e a efixie do heroe pola outra, para min constituíu unha gran satisfacción facerme con elas. Hai pouco, tamén conseguín adquirir a única medalla que se coñece no mercado conmemorativa dos Primeiros Xogos Florais celebrados en Tui. Foi adquirida deseguida pola Real Academia Galega para o seu Museo e estudo.

Enumerarei aquí outras medallas dignas de mención, como son: a conmemorativa da Reconquista de Vigo, a de Valle-Inclán, de Cristóbal Colón, a de Xosé Elduaien, Méndez Núñez, e a que coñezo de 1810 (Vigo-Tui) dedicada ás forzas que participaron nos combates co lema “La Patria agradecida”.

Existen outras moitas medallas que conmemoran certames de Música, Arte, Cámaras de Comercio..., e iso soamente na provincia de Pontevedra.

En Tui houbo e hai grandes coleccións e coleccionistas. Citarei en primeiro lugar a Xosé María, a Blanco Cicerón, José González García, Emilio Herranz e outros moitos que non vou enumerar aquí, pero que veñen habitualmente ao comercio para engrosar as súas coleccións.

Dentro dos obxectos que son máis solicitados direi: libros, postais, documentos históricos (estes últimos escasean). Os demais, repártense entre coleccións de radios, pranchas, muños de café, cámaras de fotos, apeiros de labranza, e outros. Por último, citarei os selos, as moedas e as revistas.

Coñecemos varios selos dedicados a Galicia, que teñen diferentes motivos, dende os dedicados ao traxe típico, á bandeira, a santos, a catedrais, ao himno (con modestia direi que tiven parte na súa creación).

En Numismática e referente ás moedas, existe un libro de Xaime Paz que as recompila todas. Compútanse máis de 800, as primeiras datadas antes de Cristo, fabricadas en Lugo baixo o mandato de Octavio Augusto. Ourense foi un centro importante de cuñaxe na época visigótica. Na Coruña, Tui, e outras localidades importantes emitíronse moedas que mandaba acuñar El Rei para pagarlles aos nobres e vasallos que o servían.

Só en Tui, citarei as que foron cuñadas baixo o dominio visigótico:

- Recaredo (586-603)
- Liuva II (Moeda ou Tremis: 601-603)
- Gundemaro (Tremis: 609-612)
- Sisebuto (Tremis: 612-621)
- Suintila (Tremis: 621-631)
- Sisenando (Tremis: 631-636)
- Recesvinto (Tremis:
- Egica (Tremis: 687-702)
- Witiza (Tremis: 698-702)

Todas elas, fabricadas en ouro, son dun valor elevadísimo.



Sisebuto (612-621)



Witerico (603-608)

Un lugar moi importante constitúeno as revistas. Non me incumbe a min facer o relatorio deste apartado, xa que excedería o ámbito do que é a miña experiencia profesional e ademais xa están catalogas e rexistradas no lugar que lles corresponde.

O que si podo dicir é que en moitas destas revistas está a pegada de Álvarez Blázquez, xa que colaborou e publicou os seus prestixiosos escritos, artigos, ensaios, etc.

Como resultado do seu excelente traballo, comezan as distincións, como: O Pedrón de Ouro, Membro da Real Academia Galega, Membro do Instituto Padre Sarmiento, Cronista Oficial da Cidade de Vigo, esta última época súa é a que eu vivín máis de cerca, lémbrome da Obra de Castro Viejo que imprimiu, así como a de Blanco Cicerón *La esencia de la Gastronomía*.

Dentro do apartado “Outros”, quero facer mención especial á muller coleccionista en Tui, que accede á miña tenda con asiduidade para adquirir obxectos varios, tendo que salientar aquelas que buscan pezas, abelorios e alfaias de acibeche (galegos e asturianos) para confeccionar os traxes rexionais. En Tui pasan dos trescentos traxes típicos, todos eles dunha vistosidade e riqueza indiscutibles.

Como remate da miña intervención, gustárame implicar o Concello e a todos os amadores e entusiastas desta fermosa afección, para levar adiante ese proxecto do tan necesario Museo, que posibilitaría reunir os vestixios da historia da nosa cidade, aínda que chegaría con bastante atraso, pois, no momento presente, a maioría das pezas de interese atópanse espalladas por outros Museos e mais en coleccións privadas. De todos os modos, temos que seguir adiante co proxecto no que confiamos con esperanzado entusiasmo.

Unha vez máis, o meu agradecemento por contar comigo para este entrañable acto de honra a tan excelso Polígrafo como foi o noso tudense, homenaxeado como persoeiro das Letras Galegas 2008.

Grazas por convidarme a este Congreso.

En Tui, no mes de decembro de 2008